

## EDITORIAL

Hoxe presentamos dous grupos de materiais de especial interese: as ponencias das xornadas de cooperativismo na confección e mais unha colección de artigos a propósito do Plan Económico e Social. Ademais, dous artigos sobre os programas de promoción de emprego do Inem e tamén sobre desenvolvemento local.

As *Xornadas de Cooperativismo na Confección*, Vigo, 13 e 14 de Decembro de 1991 tiñan por orixe a situación de desconcerto estratéxico das cooperativas galegas da confección. Tratábase, nelas, de afortala-los espacios de encontro, intercambio, relación; tratábase de propoñe-las teses máis importantes a ter en conta á hora de se decidir por opcións; e tratábase, por fin, de examina-los liñamentos e mais as posibilidades dun programa que permitise sacar dignamente para enfrente ó sector.

Cando menos, algúns liñamentos dese programa están claros: **a.** resolve-lo problema da representatividade, acordo e independencia do sector; **b.** aumenta-la dimensión media das empresas a máis de 20 socios, enfrontando ó mesmo tempo os problemas de organización, esquemas xerenciais, a necesidade de asumi-lo esforzo relativo ó mantemento de persoal indirecto. **c.** examina-las posibilidades de asumir fraxas produto/mercado factibles e de interese; **d.** albisca-las grandes posibilidades da intercooperación, en particular de formas de agrupación empresarial que poidan abordar estratexias con máis perspectivas, sempre que se seguiran criterios rigorosos de selección das empresas en intercooperación; **e.** por fin, a búsqueda de alternativas empresariais e ocupacionais para as inviables.

Pero decidirse por unha opción non é só unha cuestión de programas: a súa necesidade ten que ser sentida e o seu éxito visto como posible e desexado. A ver.

O segundo grupo de materiais concerne ó planeamento económico. Sen vacila-

ración dun Plan Económico e Social que anda a ser presentado en sociedade, e mais a creación do Consello Económico e Social, que deberá supor unha actuación coherente, de acordo cunha estratexia dotada de obxectivos ben precisos, fundados nunha análise prospectiva, tratando de potenciar tódolos intereses e proxectos existentes no seo do país. Pero a elaboración dun Plan é unha tarefa moi complexa e longa, que quere moita participación e arrecadación de opinións, teses, estudos, investigacións e contrastes de visións ata formulármonos as preguntas-clave. Por iso, pretendemos aquí axudar na tarefa, sobre todo porque neste tempo de graves ameazas para nós teremos que tratar de interpretar cara a onde nos levan estes ventos e se nos queremos deixar levar. Por esta razón, a Asociación Para A Economía Social acordou, como segunda prioridade para os próximos dous anos, abrir unha liña de investigación sobre planeamento e prospectiva económica en Galicia.